

EN IGUALDADE NIN UN PASO ATRÁS

8 de marzo 2012
DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

Unidades Didácticas 8 de marzo

Foto de Katrina Cole



STES
INTER SINDICAL
Organización de Mujeres

educación primaria

INTRODUCCIÓN ACTIVIDADES 8 MARZO 2012

En 1910 a Conferencia Internacional de Mulleres Socialistas, reunida en Copenhague, proclamou o Día Internacional da Muller Traballadora, por proposta da dirixente comunista alemá Clara Zetkin, como unha xornada de loita polos dereitos das mulleres. A proposta foi aprobada unanimemente pola conferencia de máis de 100 mulleres procedentes de 17 países, entre elas as tres primeiras mulleres elixidas para o parlamento finés. Como consecuencia da decisión adoptada en Copenhague o ano anterior, o Día Internacional da Muller celebrouse por primeira vez (o 19 de marzo) en Alemaña, Austria, Dinamarca e Suíza, con mítins aos que asistiron máis dun millón de persoas, que esixiron para as mulleres o dereito de voto e o de ocupar cargos públicos, o dereito ao traballo, á formación profesional e á non discriminación laboral. (http://es.wikipedia.org/wiki/D%C3%ADa_Internacional_de_la_Mujer) A ONU proclamou este día como o Internacional da Muller en 1975 o mesmo ano que se conmemorou o ano internacional da muller.

¡Esperamos que de verdade vos sexan útiles para o 8 de marzo e para todos os días!

Dende a Asemblea de Mulleres, como facemos cada ano, sumámonos a esta conmemoración porque aínda é necesario resaltar as desigualdades de xénero que se manteñen na nosa sociedade, aínda que traballamos cada día para denunciar, loitar e corrixir esta situación. Por iso queremos compartir este labor con todo o profesorado na súa docencia coeducadora e como cada ano ofrecemos un conxunto de actividades que a xeito de exemplo serven para poñer en práctica esa escola pública coeducadora á que aspiramos.

Esperamos que de verdade vos sexan útiles para o 8 de marzo e para todos os días!

Obxectivos:

- Concienciar o noso alumnado da desigualdade existente aínda na sociedade entre mulleres e homes.
- Coñecer unha imaxe distinta das mulleres da que nos ofrecen os medios de comunicación.
- Fomentar a igualdade entre mulleres e homes á hora de desenvolver calquera profesión, deporte ou actividade.
- Incentivar o uso dunha linguaxe non sexista.
- Coñecer mulleres que dalgún xeito contribuíron a modificar a imaxe que das mulleres se perpetuou.



MULLERES QUE TOCARON O CEO - Mira o noso almanaque didáctico 2012 "Tempo de mulleres, mulleres no tempo. Mulleres que tocaron o ceo" en <http://www.stegsindicato.org/muller/contidos.asp?cid=18&ssid=90> nel pódese atopar o nome de 12 mulleres que dunha forma ou outra romperon coa imaxe da muller, converténdose en aventureiras e pioneiras de actividades tradicionalmente propias dos homes.

- propoñemos que os nenos e as nenas elixan unha delas e escriban un pequeno conto sobre como podería ser unha aventura desta muller elixida.

- pedímoslles que imaxinen unha aventura protagonizada tanto por nenas coma por nenos en común e que a debuxen, cada un e cada unha coma se fose un cómic, logo axudámoslles a observar se deron máis protagonismo ás rapazas ou aos rapaces para reflexionar sobre o papel na sociedade segundo o sexo.

2

Imos de asemblea

- Elaborar un listado, en asemblea, de cousas que nos gusta facer, reflexionando sobre o porqué (no centro, aula, recreo, parque, casa...).
- Buscaremos cousas do listado que as nenas non fan porque consideran de nenos e viceversa.
- Reflexionar e concluír que as cousas debemos facelas porque nos gustan, independentemente de ser nena ou neno, que hai moitas cousas que podemos facer xuntas, que non hai cousas que sexan de nenas e outras de nenos.



el claxon
propuesta didáctica

3

A traballar !



Distribuír ao alumnado en grupos de 4 ou 5. Cada grupo traballará co material da profesión que lle toque (peiteado, mercado, restaurante, colexio, taller,...aproveitando os cantos da aula ou preparándose previamente) de forma

libre, e reconducindo condutas en caso de conflito.

Cada grupo deberá pasar por todas as profesións.

Para finalizar, cada alumno/a explicará a súa experiencia: cal foi a profesión que máis lle gustou, a que menos, a que lle gustaría,...reforzando a posibilidade de facer as cousas que queremos e nos gustan independentemente de ser home ou muller.



5

Contar outros contos conta

Imos traballar a partir do conto: " Hay algo más aburrido que ser una princesa rosa?" de Raquel Díaz Reguera (Ed. Thule).

Resumo do conto:

Carlota era unha princesa rosa pero estaba farta de ser princesa e estaba farta do rosa.

Ela quería percorrer mundo e correr aventuras, quería cazar dragóns, buscar tesouros e adestrar bolboretas. Pero a súa nai era unha princesa rosa e opinaba que as princesas tiñan que ser rosas e delicadas como as rosas mentres o seu pai era un príncipe azul e tamén opinaba que as princesas tiñan que ser rosas e delicadas como as rosas.

Carlota argumentaba que ela non era unha rosa, que era unha nena e que se puxo moi triste coa súa vida rosa. Ao ver á súa filla deste modo, a nai e o pai decidiron preguntarlles as fadas se Carlota tiña que ser como as rosas ou como as nenas.

A fada madriña máis vella e máis sabia dixo que as nenas non eran flores senón que podían ser o que quixeran ser.

Carlota abandonou os seus vestidos rosa e púxose a cantar, bailar e viaxar. Mentres o facía preguntábase: Por que todas as nenas queren ser princesas rosas?.

Contar o conto de Carlota ao alumnado. Ao rematar, pódense facer as preguntas seguintes:

- As nenas, teñen que ir vestidas de rosa? Por qué?
- Os nenos, teñen que ir vestidos de azul? Por qué?
- Poden facer as nenas o mesmo que fan os nenos?
- Que cousas fan os nenos que non poden facer as nenas?
- Poden facer os nenos as mesmas cousas que as nenas?
- Que cousas fan as nenas que non poden facer os nenos?
- Que che gustaría facer e non fas?
- Que che gustaría ser cando sexas maior?.

4

O conto ao revés

Distribúese ao alumnado por grupos de 4 ou 5.

Repártese un título de conto tradicional cambiando o sexo do personaxe protagonista: Pulgarcita, Pinocha, Las tres cerditas, Ceniciento,...a cada grupo sen que os demais o saiban.

Deberán reescribir o conto e ao finalizar, lerano para toda a clase por quendas.

Tratarán de adiviñar de que conto se trata e analizar as diferenzas entre o conto que acabamos de escribir e o orixinal: que cousas fai a muller e o home, quen é valente, quen ten medo,...

Reflexionar sobre a capacidade das persoas para facer cousas, independentemente dos estereotipos sociais, do sexo.



6

Que traballo queremos?



Imos pedir que pinten en cada "viñeta" unha muller no seu traballo e un home no seu traballo:


Muller	Home

Logo pedímoslles que debuxen unha muller na casa e un home na casa:

Muller	Home

6 Que traballo queremos?

E por último mostrámoslles fotografías que van romper a súa idea sobre a repartición do traballo e as tarefas do fogar:



Preguntamos: -son normais estas imaxes? Por que? E explicámoslles a necesidade de que entendan ambas as dúas para que a sociedade sexa igualitaria para os homes e para as mulleres.

A partir desta viñeta de Mafalda, a personaxe de Quino, ímoslles facer algunhas preguntas:

- por que cres que Mafalda lle fai esta pregunta a súa nai?
- cres que os labores da casa só os teñen que facer as mamás ou as avoas, en fin as mulleres? por que?
- Como poderíamos axudar á nai de Mafalda a vivir mellor? Debuxa a túa resposta.



el clarión

7 RUANDO ATOPÁMONOS

Busca na túa cidade ou vila unha rúa que leve o nome dunha muller e investiga sobre ela, logo escribe como cres que foi a súa historia e cóntaa aos teus compañeiros e compañeiras, pode que varias escribísedes sobre a mesma persoa, pero seguro que non o fixestes igual...

o que importa é que a coñecesdes!!!!

8 Cambio de traballo

Ofrecémosvos unha lista de profesións, fixédevos que todas son masculinas...poñelas en feminino e logo buscade nun xornal que vos deixen na casa as veces que atopades estas profesións, cantas se escriben en masculino e cantas en feminino, para iso axudámosvos cunha táboa:

Profesións	Conversión xénero
Médico	
Presidente goberno	
Avogado	
Banqueiro	
Gobernador	
Piloto de avións	
Xogador de fútbol	
Escritor	


Profesións	Nº veces que aparece	Nº veces en masculino	Nº veces en feminino
Médico			
Presidente goberno			
Avogado			
Banqueiro			
Gobernador			
Piloto de avións			
Xogador de fútbol			
Escritor			



9 As mulleres tamén pintan

Agora ímosche presentar a varias pintoras que tal vez non coñecías:

MARUJA MALLO (1902-1995),
<http://www.foroxerbar.com/viewtopic.php?t=9747>, nesta páxina hai varias obras da artista, mostrámoslles da vida da artista e para finalizar farán unha actividade. Pintarán o cadro titulado "Natureza viva" segundo o modelo.




As mulleres tamén pintan

MONSERRAT GUDIOL. (1934- ...)

<http://www.foroxerbar.com/viewtopic.php?t=10549>

Faremos o mesmo que con Maruja Mallo, explicáremoslles un pouco da súa vida e obra, mostraremos obras da artista e para finalizar realizarán unha actividade: Cada neno/nena transformará o cadro titulado "Muller en vermello" na cor que máis lles guste.



MARÍA BLANCHARD (1881-1932)

<http://www.foroxerbar.com/viewtopic.php?t=10456>

Actividade: Cada neno e cada nena ten que completar o debuxo como máis lle guste

ANGELES SANTOS (1911-1935)

<http://www.foroxerbar.com/viewtopic.php?t=11527>

Seguiremos o mesmo método que coas autoras anteriores, para finalizar as nenas/os realizarán unha actividade: recorta polas liñas e recompón o quebracabezas.

